

Resolución do 19 de xuño de 2009 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para que os traballadores autónomos poidan tramitar as axudas para a compra de ordenadores persoais a través das entidades colaboradoras coa Consellería de Economía e Industria, e se procede á publicidade da relación das ditas entidades colaboradoras seleccionadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2008 (procedemento administrativo IN533A, publicado no Diario Oficial de Galicia número 129, do 4 de xullo de 2008).

OBXECTO

Ordenar a apertura do prazo de presentación de solicitudes para que os traballadores autónomos poidan tramitar as axudas para a compra de ordenadores persoais **a través das entidades colaboradoras** coa Consellería de Economía e Industria, a partir do 7 de xullo de 2009.

BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas axudas os traballadores de Galicia dados de alta no Réximen Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social, con domicilio e alta fiscal no IAE para a súa actividade económica en Galicia, excepto os comerciantes polo miúdo.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- a) Adquisición de ordenadores persoais que dispoñan de ferramentas apropiadas de software libre. A inversión deberá incluír como mínimo os seguintes elementos:
- Adquisición dun ordenador personal portátil ou de sobremesa que inclúa o sistema operativo Linux.
 - O ordenador deberá dispoñer de navegador de Internet en software libre tipo Mozilla Firefox versión 2.0 ou superior e dun paquete ofimático en software libre tipo OpenOffice versión 2.0 ou superior.
 - No caso de ordenadores de sobremesa poderán estar incluídos os periféricos de usuario necesarios.
- b) Entenderanse como subvencionables os gastos nos que incurra cada beneficiario como consecuencia da administración por parte dalgunha das entidades colaboradoras, sempre que o coste de adquisición non supere o valor do mercado.

Cada solicitante so poderá ser beneficiario dunha axuda deste réximen de axudas.

AXUDAS

Ata o 45% da inversión subvencionable, cun límite máximo de 350€ por solicitante.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda, pública o privada, para os mesmos gastos subvencionables

ENTIDADES COLABORADORAS

Estas entidades tendrán como cometido a promoción da sociedade da información actuando como canle entre os beneficiarios e a Consellería.

Entendese como entidades colaboradora: as empresas privadas con personalidade xurídica e os empresarios individuais, que teñan a súa sede social ou algún centro de traballo en Galicia e que realicen actividade económica con ánimo de lucro relacionada coa promoción da sociedade da información.

Requisitos:

- 1) Emprego dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos dispostos pola Consellería para a presentación da solicitude de adhesión da entidade colaboradora.
- 2) Existencia de páxina web propia da entidade colaboradora.
- 3) Identificación da situación censal de acta da entidade colaboradora.
- 4) Existencia de sede e/ou puntos de venda ao público en Galicia.
- 5) Disponibilidade e emprego de certificado dixital de usuario por parte do representante legal da entidade colaboradora.

PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para ser beneficiario se deberá tramitar a solicitude exclusivamente a través de calquera das entidades colaboradoras seleccionadas para este réxime de axudas, polo que os interesados deberán dirixirse ás ditas entidades colaboradoras.

Poderase solicitar as axudas a partir do 7 de xullo de 2009 ata o 10 de novembro de 2009 (ou ata que se esgote o orzamento).

REFERENCIA LEGISLATIVA

Orden de 26 de xuño de 2008 - DOG nº 129 de 4 de xullo de 2008.

Resolución do 19 de xuño de 2009 – DOG nº 130 de 6 de xullo de 2009.